



COSTA DE BARREIROS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 12 km (lineal)

Dificultade: baixa

Duración: 3/4 horas



Unha camiñada polo conxunto de areais máis importante da Mariña para gozar das paisaxes, das características peculiares das praias (chans, de area fina e compactada), e dunha boa mañán de calquera época do ano. Un percorrido lineal, case chan, no que se suceden os areais apenas separados un do outro por un resalte do cantil, unhas pedras ou a desembocadura dun regueiro. En toda a ruta poderemos atopar servizos e lugares onde poder tomar algo, pero tamén comprobar a desfeita producida sobre a paisaxe e os valores ecolóxicos de numerosas construcións, antigas e recentes.

COMO CHEGAR:

Podemos iniciar a ruta en calquera das súas extremas e facela pola mañán ou pola tarde para camiñar co sol de cara ou de costas, e ter en conta o horario das mareas si queremos camiñar polos areais. Pola mañán convén comezar pola Malata e camiñar co sol ás costas para que nos ilumine ben todo o que temos de fronte, e ao pouco de comezar xa atopamos a praia de Arealonga formada polos areais de Moledo Arealonga e Reinante, que remata na punta do Castro na que se asenta un castro litoral ao pé do que se atopa unha lagoa que ocupa o oco dunha antiga canteira, e detrás dela a recollida praia das Pasadas agochada entre ela e a punta Corveira desde a que podemos contemplar a sucesión de praias de Benquerencia e San Cosme que comeza coa praia de Lóngara (este tramo de costa incluída a praia de Lóngara está protexido no LIC As Catedrais) con pregamentos no cantil, furna e un pequeno arco, e ao longo de 4 km encadea as de San Pedro, Fontela, Area da Balea, Pena da Salsa, Coto ou de San Cosme e Remior (desde o rego das Lagüelas incluída no LIC Río Masma) antes de chegar á praia de San Bartolo separada das anteriores por un pequeno resalte rochoso. A continuación atopamos a punta de San Bartolo e o castro do mesmo nome desde o que temos unha completa panorámica da praia do Altar, en grande parte asentada na cara ao mar aberto da frecha, areosa con dunas fixadas, que formaron as correntes mariñas, e as opostas do río Masma, na boca da ría de Foz. Na cara interior da frecha aséntase a praia de Angueira onde rematamos a ruta. En total percorreremos uns 12 km. Se se quere facer a ruta de ida e volta hai que aproveitar, á ida ou á volta, a marea baixa para poder camiñar nun sentido polos areais e no outro polo paseo da parte alta.





A Malata.



Praia de Reinante (formada polos areais de Moledo, Reinante e Arealonga)



Punta do Castro.



Praia da Fontela.



Praia de Lóngara, un interesante museo xeolóxico onde podemos atopar furnas, arcos e pregues.



Praia de San Cosme



Corvos mariños cristados




Praia do Coto ou de San Cosme, un dos poucos areais nos que se conservan as dunas.



Silva do mar
(*Smilax aspera*)



Praia do Altar



Frecha na desembocadura do Masma, na boca da ría de Foz.